

TÍTULO: *Etérea dulcamara*

Narón, 14 de febreiro de 2010

Meu querido Xabier:

Levo varios días pensando na nosa ruptura: de novo fracasei neste do amor. O final era inevitable e lamento que ti non o vexas. As últimas semanas convertíronse nun inferno, pola mistura de sensacións e a necesidade de retomar a estabilidade. As discusións que mantivemos non fixeron máis que certificar a defunción desta etapa. É inútil tentar arranxar o que xa estaba roto: prolongar esta situación só nos faría máis dano.

Que paradóxico é o destino, verdade?? Levabamos tempo soñando e imaxinando a nosa vida xuntos en Rabat, e agora que chega a túa oportunidade de marchar, eu non vou acompañarte: non foi doado tomar esta decisión, pero sinto que é a correcta. Non podo renunciar a todo o meu mundo, apostando por unha relación que está ferida de morte: hai meses que estou forzando sentimentos e teño claro que xa non te amo coma antes. Soa cruel, seino, pero ante todo debo ser honesta contigo e conmigo mesma.

A outra tarde xa fixemos unha boa análise da nosa historia: bágoas, recordos, sorrisos, reproches e lamentos puxeron o punto e final a catro anos de amor. Quedou todo dito e espero que podamos manter esa amizade que nos propuxemos.

Síntome fatal: estou triste e furiosa e xa sabes que nestes casos dame por desbarrar sobre o papel, así que fixen unha especie de reflexión sobre o desamor. Enviocha porque sei que che gusta ler as miñas tonterías e espero que non che sente mal a parte máis crítica. Hoxe é unha data sinalada no calendario comercial: o meu escrito é unha reivindicación ante o deus Cupido, que tanto se burlou de nós.

Quixente moito, nunca o dubides, mais a paixón inicial foise esfumando ata chegar a converterse tan só nun enorme cariño. Este ano sucederon moitas cousas que debían ternos unido máis, e, sen embargo, afastáronnos, ata o punto de que xa é imposible recuperar aquel amor. Non me comprendes, porque para ti todo parecía estar ben, pero non era así. Tentei que entenderas o que me molestaba e loitei por remediar os detalles que minaban a relación, pero eu soa non puíden facer nada e estou esgotada. Quedou demostrado que temos diferentes perspectivas e buscamos distintos obxectivos vitais Lamento facerche dano. Para mín tamén é duro este final e

confirmar a teoría de que é case imposible achar o auténtico amor. A vida vai pasando e son moitas as experiencias acumuladas, pero nunca conseguín namorarme de ninguén, e iso é moi frustrante. Tal vez sexa porque as expectativas que teño están mal enfocadas e non souben cambialas a tempo. Non quero xustificarme: a túa dor non che permitirá ver que eu tamén son vítima desta situación que estamos a sufrir.

Lembro que un día quedaches moi estrañado cando che comentei a miña interpretación do Mundo Platónico. Faleiche do Amor Ideal que pregonaba o filósofo e ti exclamaches: “Pero iso non existe”. E tes razón. Xa sei, xa sei que non existe... o Amor con maiúsculas é só unha ilusión, unha illa no mundo das Ideas, un desexo: unha vez máis mo confirma a experiencia. A realidade non é nada, nin siquiera esa sombra que dicía Platón: para mín é só deformación, engano... e así estamos: desilusionados, frustrados polo choque de ambos mundos... ben, estamos só os que vivimos na *nube*, quen non mira hacia *arriba* encontrará marabilloso todo o que a realidade lle ofrezca, Quizais sexa máis cabal esa actitude e non a que eu manteño: que vaia, moita Luz nese mundo superior, pero o fastidiado é a cegueira do mundo real no que me movo cada día e onde de Amor, de Felicidade, non vexo nin o reflexo. E aínda que o vise, que? Como atrapalo? Pois os sonhos, sonhos son.

En ti atopei moitos rasgos dese Ideal, pero tal vez a miña innata desconfianza non me permitiu entregar a alma e amarte plenamente. Non sei, ao mellor é o medo que me queda tras tantas decepcións; o certo é que ás veces non me entendo nin eu mesma, e por máis que quero analizar os sentimentos, as contradicións non me deixan ver claro e me fan sufrir e arrastrar conmigo a xente que aprecio moito, coma ti. De verdade que o sinto, nunca pretendín facerche dano, pero xa se sabe que o sufrimento vai implícito ao amor. Renuncio a esta relación e, de novo, estou soa, pero debo seguir: teño un bo traballo, e unha saúde estupenda (ata que se acabe), amigos e unha familia que me mima, así que non podo pedir máis: xa sabes que non se consola quen non quere, e eu son moi positiva.

O do [Príncipe Azul](#), tamén sei que é outro de tantos contos, que, claro, teñen final feliz no propio relato, ou na pantalla do cine, e alá te trasladas o tempo que dura o filme, pero acaba... saes da sala, ou cerras o libro e non hai nada que encha os días solitarios, vacíos, cheos de ansiedade, porque o tempo pasa, e se chegase o tal Príncipiño (que cada vez dubido máis), peinará canas e non lle quedará humor para paseos a cabalo. De perdices, nin falar, porque o colesterol aumenta e corremos o risco de sufrir do corazón, e non por amor, senón por infarto, que é máis “real”. Pero hai que continuar, soñando ou chorando, e sempre preferirei o primeiro.

Envioche un relato que escribín hai tempo. Fai referencia ao engano que encerran os contos de fadas. Ao mellor non che interesa, pero é unha forma de explicar o

desencanto que provoca non alcanzar un amor verdadeiro. Se les o texto verás que a miña postura existencial nace dun “trauma” infantil.

Maldita Cinsenta

No meu conto preferido saía aquel príncipe amoroso que entre os seus brazos acunaba á humillada nena e lle devolvía a felicidade que o seu corazón necesitaba. Quen me ía dicir que aquel fermoso conto da infancia, que lía e relía soñando con ser como a súa protagonista, marcaría para sempre a miña nostálgica existencia, e me faría derramar mil bágoas cheas de desencanto, de desilusión, de dor de estar viva e non ter logrado o que a humilde moza alcanzou coa simple axuda dunha variña máxica.

Que me fallou? Acaso non teño Fada Madriña? Cría que viña incorporada aos nosos privilexios de mortais, pero non foi así: o *meu kit* chegou defectuoso e eu soliña non puiden atopar o príncipe azul que parecía destinado só para Cinsenta. Soñei con carrozas de ouro e fadas madriñas, pero hoxe é o día no que non teño máis que unha colección de insípidas cabazas, que me fan pensar: se o amor non existía porque nos enganaron con estes contos e nos fixeron crer en fantasías.

Maldita Cinsenta, que me levou a imaxinar unha vida rosa, cando hoxe, trinta anos despois, tórnase cada vez máis gris, sen luces nin brilos que lle den algún sentido.

Non debería queixarme. Saúde e traballo non me faltan. Quizais neses aspectos tiven demasiada sorte e xa non podo esixir máis. Entón só pido que destrúan esa ilusa esperanza dos contos, onde nada se fala de oposicións aprobadas, nin de perfecto nivel de colesterol ou leucocitos, e reiteradamente se insiste na felicidade dun amor que se converte en motor da vida.

En breve inicias a túa aventura en Marrocos. Probablemente non nos vexamos en moito tempo, pero sempre gardarei a túa contaxiosa forza vital, a túa capacidade de asombro, a túa bondade, o teu sentido do humor... Sei que te botarei de menos e que vai ser moi duro levantarme cada día sen ti. Sei que estrañarei moito o teu amor e tal vez lamente deixarte marchar.

Como último agasallo, ocorríronseme uns versos que tratan de expresar o que che estou dicindo: xa non estás, pero sempre permanecerás. Perdoa a mala calidade literaria: sabes que son “aprendiz” nestas lides que me serven de terapia:

Ausencia

*Penso en ti cada día
coa libertade da mente que soña e recorda.
Intensos momentos que disfrutei onda ti,
moven a miña vida cando todo se detén.
Persíguenme lembranzas, gravadas na alma:
o teu perfil fronte ao cristal,
os teus penetrantes ollos, que me desconcertan,
o teu sorriso, cálido e feliz,
facíame sentir ben.
Aloumiños, bromas, palabras:
todo segue aquí,
entre as paredes do cuarto que vixila o meu soño cada noite.
A túa voz susurrante me chama,
desperta a paixón adormilada.
Sintote cerca, aínda que estás lonxe.
Búscote cada día, pero non estás.
Sorrio ao pensar en ti.
Soa Prince ao lonxe, e miro ao sur
coa esperanza dese Amor que outra vez marchou.*

Oxalá teñas moita sorte no teu novo traballo e espero que pronto estés integrado nese diferente modo de vida. Aquí seguirei, se me necesitas. Non o esquezas. Grazas por formar parte do meu universo. Bicos. Ata sempre.

Eva

P.S.: Por fin teño o video que gravamos na viaxe a París. Quedou moi simpático coa música e os comentarios. Se che apetece telo, mándoche unha copia pola túa irmá.